

Acta do Consello Municipal de Deportes:

Nº	Entidades convocadas	Lugar	Data e hora
3	Membros Consello Municipal	Pazo da Peregrina de Bertamiráns	18/07/2016 (20:30 h)

1.- Persoas asistentes, facéndose constar a representación que ostentan en cada caso:

ASISTENTES:

CLUB DEPORTIVO RUTAS A PIE	SI
CLUB PIRAGÜISMO RIBEIRAS DO TAMBRE	SI
CLUB ATLETISMO SAR	SI
ASOC. MOTOCLUB AMEIXENDA	
SOCIEDADE CAZA E PESCA AZOR	
ASOC. CULTURAL – DEPORTIVA ALDEA NOVA	
CLUB VOLEIBOL BRUXAS	SI
ASOC. GALEGA E DESARROLLO DO CICLISTA	
ASOC. DEPORTIVA VAL DA MAÍA	SI
CLUB BALONCESTO AMES	SI
CLUB BALONCESTO XL MILLADOIRO	
CLUB ATLETICO BERTAMIRANS	
BUGALLIDO C. F.	
CLUB FÚTBOL AGRÓN	
BERTAMIRÁNS F. C.	SI
MILLADOIRO S. D.	SI
CLUB FUTBOL ORTOÑO	
CLUB ATLETISMO MILLARAIO	SI
CLUB BIDUÍDO S. R.	
CLUB DEPORTIVO KARATE AMES	
CLUB CICLISTA AMES	
DON BUDI C. F.	
F. C. MEIGAS	SI
CLUB DEPORTIVO MILLARENGO CULTURA	SI
S.D. COMPOSTELA MONUMENTAL	
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA OMEGA	SI
CLUB PATINAXE SARELA	SI
ASOCIACIÓN DEPORTIVA BASQUET AMES	SI
CLUB CICLISTA OS ESFOLA ARRÓS	
AMES RADIO CONTROL CLUB	
CC REPEITIÑOS DA CAPILLA	
ASOCIACION DEPORTIVA RODANDO BIKE	
AGRUPACION DEP. CONFIADOS MILLADOIRO	
CLUB BALONCESTO A MAHIA	SI

CLUB DEPORTIVO DE BAILE DANZAYA	
CLUB DE TAEKWONDO AMES	SI
EEI MILLADOIRO	
COLEXIO ALCA	
IES DE AMES	
IES DO MILLADOIRO	SI
CEIP DE BAROUTA	SI
CEIP AGRO DO MUIÑO	
CEIP DE VENTÍN	
CEIP DA MAÍA	
ANPA IES DE AMES	
ANPA DA MADALENA	
ANPA SAN MAURO	
ANPA AGRO DO MUIÑO	
ANPA VENTÍN	
ANPA MILLAPEQUES	
ANPA O BOSQUE	
ANPA VAL DA MAÍA	
ANPA DO IES DO MILLADOIRO, ANPAMILLA	
ANPA AGORA IES MILLADOIRO	
EULEN	
MELLOR DEPORTISTA MASCULINO	
MELLOR DEPORTISTA FEMININA	
AMES NOVO	
PP	SI
PACTOXAMES	SI
CIUDADANOS	
CONTIGO PODESE	
BNG	

2.- Puntos principais das deliberacións con indicación das persoas intervincentes.

Tomou a palabra o Alcalde para presentar a reunión e dar aprobación á acta anterior.

Despois desta aprobación da acta, o Alcalde foi introducindo os temas do día:

- Bases sobre o funcionamento das Escolas Deportivas Municipais 2016-17.

O Alcalde informa que se ten previsto levar adiante a prórroga do contrato das escolas deportivas co deseño da xestión directa, por parte dos clubs, das categorías inferiores. O Alcalde informa que se ten previsto incorporar novas actividades para o seguinte curso, así como aumentar nun mes ditas escolas, estendéndose ao mes de xuño.

O alcalde informou que este regulamento foi enviado por correo electrónico e indicou se había algunha emenda a dito regulamento. Non se manifestou ningún dos presentes e douse por aprobado dito regulamento.

Neste apartado tamén se acordou que, se non se cubren as prazas das distintas actividades, poderán acollerse ás prazas libres os non empadroados.

- Ordenanza de prezos das Escolas Deportivas Municipais.

O alcalde dou lectura da proposta de ordenanza. Algúns clubs manifestaron a posibilidade de ofrecerlle aos usuarios a opción dun pago único. Acordouse dar dita posibilidade do pago único advertíndolle aos usuarios que no caso de baixas durante o curso non se lle devolvería a contía aportada.

Fernando Lizuain, representante do CV Bruxas, preguntou quen asumiría os gastos de exclusión social e os custes que acarrean as competicións. O alcalde respondeu que os gastos de exclusión social asumiríao o club, compensado despois coas subvencións, e os gastos federativos asumiríao os usuarios. Tamén se decidiu que estes gastos fosen o máis homoxéneos entre os distintos clubs dunha mesma modalidade deportiva.

Houbo tamén varias propostas para que se reducisen os prazos de pagamento, 2 en lugar de 3 prazos, sendo o segundo prazo do 1 ao 15 de febreiro. O alcalde quedou en valorar e consultar dita posibilidade.

O alcalde preguntou se había algunha emenda a dita ordenanza de prezos. Non se manifestou ningún dos presentes e douse por aprobado dita proposta de ordenanza tendo en conta algún dos aspectos que se mencionaron anteriormente, coma o da forma de pagamento, en dous prazos en lugar de tres.

- Criterios de valoración das bases da convocatoria de axudas para promoción de actividades levadas a cabo no 2016 por clubs e asociacións deportivas.

O alcalde dou lectura aos criterios de valoración das bases da convocatoria e argumentou que estes criterios tentan evitar que clubs pequenos con orzamentos elevados leven subvencións con contías elevadas. Tamén se pretende poñer límite xustificable ao material inventariable.

Algúns clubs manifestaron que na subvención da convocatoria 2017 quedarán sen valorar e non se terían en conta os 3 primeiros meses de escolas deportivas do curso 2016/17. Falouse de que na convocatoria se valorase o curso completo de escolas deportivas aínda que a convocatoria de subvención fose correspondente ao ano natural.

Decidiuse que no punto 2 se dese un porcentaxe de cada nivel de competición en función do número de equipos ou deportistas que competisen nese nivel. Especificando o seguinte: cada club obterá un porcentaxe de cada puntuación dependendo do número de equipos, categorías ou deportistas que compitan en cada nivel de competición.

Varios representantes manifestaron que na vindeira convocatoria se deberían valorar a parte destes criterios, outros como o porcentaxe de empadroados que ten o club ou a titulación dos adestradores.

O alcalde preguntou se había algunha emenda a dita proposta de valoración. Non se manifestou ningún dos presentes e douse por aprobado dita proposta de valoración tendo en conta algún dos aspectos que se mencionaron anteriormente, coma o do punto 2, sobre o que cada club obterá un porcentaxe de cada puntuación dependendo do número de equipos, categorías ou deportistas que compitan en cada nivel de competición.

3.- Temas tratados e resultados das votacións, se fose o caso.

- *Bases sobre o funcionamento das Escolas Deportivas Municipais 2016-17: aprobadas*

- *Ordenanza de prezos das Escolas Deportivas Municipais: aprobada*
- *Criterios de valoración das bases da convocatoria de axudas para promoción de actividades levadas a cabo no 2016 por clubs e asociacións deportivas: aprobados*

4.- Rogos e preguntas

O representante do Xadrez Millarengo, manifestou a posibilidade de que se convoque a todos os clubs para colaborar nos distintos eventos e actividades deportivas que se organicen no Concello e que se podería organizar unha especie de olimpiada onde puideran participar distintos clubs.. O alcalde manifestou que normalmente se convoca aos clubs que teñen que ver co evento ou actividade a organizar.